



LINGUA GALEGA

# Léxico

1

rodeira

## Índice

O corpo humano .....	3
Os sentimentos e a personalidade .....	5
A saúde e a enfermidade .....	6
A vestimenta .....	8
A familia .....	10
A vivenda .....	11
Os alimentos .....	12
O traballo e as profesións .....	14
Os medios de transporte .....	16
Os xogos e os deportes .....	17




# Solucionario Léxico 1

Actividades



O corpo humano

## 1. Encrucillados.



2. Axila → 8; noz → 2; cadeira → 28; planta → 19; embigo → 27; cabeza → 1; dedos → 3; mamila → 25; sofraxe → 18; calcaño → 20; ombro → 22; nádega → 17; seos → 24; brazo → 23; coxa → 31; caluga → 15; van → 26; canela → 33; man → 4; dedas → 3; nocello → 13; pene → 11; xeonllo → 32; costas → 16; pulso → 5; pescozo → 21; vaxina → 30; pé → 14; empeña → 34; ingua → 29; antebrazo → 6; perna → 12; peito → 9; cóbado → 7; abdome → 10.

3. *Olor agradable*: esencia, fragancia, perfume, recendo, aroma. *Olor desagradable*: tufo, fetidez, bafo, fedor, pestilencia.
4. *Verbo*: albiscar; *significado*: comezar a ver algo ao lonxe. *Verbo*: contemplar; *significado*: observar con detemento e atención. *Verbo*: entrever; *significado*: ver confusamente ou de maneira imperfecta. *Verbo*: fisgar; *significado*: mirar de esguello e con disimulo. *Verbo*: fitar; *significado*: fixar a vista en algo. *Verbo*: outear; *significado*: observar desde un lugar alto.

Resposta aberta.

5. Débil: *sinónimo*: feble; *antónimo*: forte. Torpe: *sinónimo*: zoupón; *antónimo*: hábil. Delgado: *sinónimo*: fraco; *antónimo*: gordo. Recto: *sinónimo*: dereito; *antónimo*: torto. Aposto: *sinónimo*: garrido; *antónimo*: feo.

El namorouse de Laura pola súa fermosura: pareceulle a moza máis garrida de toda a vila. / Xoán é un zoupón: quixo amosarnos uns pasos de baile e caeu ao chan. / Ese rapaz ten o nariz torto por culpa dun golpe que levou de pequeno. / Despois da gripe aínda me sinto feble. É mellor que hoxe descanse na casa. / Agora creo que estou demasiado fraco: cáenme case todos os pantalóns. / Ese dianteiro é boísimo: destaca por ser moi hábil no manexo da pelota. / Véxote moi forte: ben se ve que estás a levantar pesas todos os días no ximnasio.

6. *Lanzar sons agudos ou palabras emitidas en voz moi alta*: vociferar, chiar, gritar, berrar. *Dar suspiros de dor ou pena, lanzar queixumes*: saloucar, salaiar, xemer. *Coller coas mans algo ou alguén para que non se mova ou non caia*: termar, suxeitar, soste. *Deixar de estar durmido, saír do sono*: espertar, acordar. *Perder o equilibrio ao desprazarse sobre unha superficie*: escorregar, escorrer, esvarar. *Demostrar afecto a alguén pasándolle a man pola pel ou polo pelo*: aloumiñar, acariciar, acariñar, agarimar.
7. *Frase feita*: A; *significado*: non facer nada. *Frase feita*: B; *significado*: depender de alguén. *Frase feita*: C; *significado*: sufrir con paciencia; resignarse. *Frase feita*: D; *significado*: estar mal feito ou non ter sentido. *Frase feita*: E; *significado*: ter sorte. *Frase feita*: F; *significado*: falar moito. *Frase feita*: G; *significado*: interesarse seriamente por algo; darlle importancia. *Frase feita*: H; *significado*: estar nun grave apuro ou problema.

Resposta aberta.

8. *Serie 1*: enxiva, pube, cairo, padal; *elemento extraño*: pube; *xustificación*: todas son partes da boca agás *pube*. *Serie 2*: úmero, tibia, esterno, ingua; *elemento extraño*: ingua; *xustificación*: todos son ósos agás *ingua*. *Serie 3*: rizo, obeso, crecho, liso; *elemento extraño*: obeso; *xustificación*: todos son adxectivos aplicados ao pelo agás *obeso*. *Serie 4*: pómulo, fígado, ril, intestino; *elemento extraño*: pómulo; *xustificación*: todos son órganos internos do corpo agás *pómulo*.
9. *Parte do corpo*: labios (liña 1); *descrición*: «avultado o de abaixo, e o de enriba remangado nas comisuras». *Parte do corpo*: ollos (liña 4); *descrición*: «Eran verdes, pero non coma os de Consuelito que tiña os ollos de peixe morto», «E non había en Brétema máis ollos verdes, só os de don Xoán, que os tiña esgazados», «¿Coma os dos chinos? Non, non, non: máis rectos...», «dun verde intenso, igual ao do fondo da miña colcha, e cuns puntiños marelos, ¿marelos?, ou marrón claro, que parecían charamuscas do que brillaban; e outras veces víanse negros». *Parte do corpo*: pestanas (liña 11); *descrición*: «longas e espesas». *Parte do corpo*: pel (liña 13); *descrición*: «morena porque xogaba ao fútbol cos seminaristas a pleno sol». *Parte do corpo*: pelo (liña 16); *descrición*: «negro e espeso nos brazos e no peito». *Parte do corpo*: cabelo (liña 18); *descrición*: «negro, brillante e peiteado para atrás, excepto un guecho que lle caía sobre a fronte». *Parte do corpo*: man (liña 19); *descrición*: «branca e estreita, mans de señorito, dicía Doloriñas».

10. **Paladar** → padal. **Encía** → enxiva. **Muslo** → coxa. **Empeine** → empeña. **Muñeca** → pulso. **Ingle** → virilla. **Nudillo** → coteno. **Nalga** → nádega.

Resposta aberta.

11. Non ter papas na boca. Encher o ollo. Botar a lingua a pacer. Non levantar cabeza. Ter bo dente. Andar con pés de la. Lavar as mans. Non mover un dedo.

Imos ter que andar con pés de la con Antón, porque ultimamente anóxase por todo. / Esa chaqueta encheume o ollo en canto a vin no escaparate. Así que fun e compreina. / Como podes dicir tantas parvadas? Non deberías botar a lingua a pacer. / O noso equipo non levanta cabeza. A semana pasada perdeu fóra e esta perdeu na casa. / Xoán dirá claramente o que pensa: el non ten papas na boca. / Luís dixo que el lavaba as mans porque non tiña responsabilidade no asunto. Es un egoísta: non moviches un dedo para axudarme. / Seguro que a Marta lle gusta todo o que cociñaches: ela ten bo dente.

## Actividades



1. *Xeroglífico A:* saudade (saúda de). *Xeroglífico B:* asombro (ás ombro). *Xeroglífico C:* xenreira (X en rei ra). *Xeroglífico D:* noxo (nó X o). *Xeroglífico E:* medo (M e dó). *Xeroglífico F:* paciencia (pa ciencia). *Xeroglífico G:* enfado (en fa dó). *Xeroglífico H:* pánico (pan i C o). *Xeroglífico I:* valentía (V a L en tía). *Xeroglífico L:* odio (o di o).
2. *Substantivo:* orgullo; *adxectivo:* orgulloso/a; *verbo:* enorgullecer(se). *Substantivo:* sorriso; *adxectivo:* sorrinte; *verbo:* sorrir. *Substantivo:* fastío; *adxectivo:* enfasiado/a; *verbo:* enfastiar(se). *Substantivo:* obediencia; *adxectivo:* obediente; *verbo:* obedecer. *Substantivo:* sinceridade; *adxectivo:* sincero/a; *verbo:* sincerar(se). *Substantivo:* rebeldía; *adxectivo:* rebelde; *verbo:* rebelar(se). *Substantivo:* fachenda; *adxectivo:* fachendoso/a; *verbo:* fachendear. *Substantivo:* solidariedade; *adxectivo:* solidario/a; *verbo:* solidarizar(se). *Substantivo:* teima ou teimosía; *adxectivo:* teimoso/a; *verbo:* teimar. *Substantivo:* simpatía; *adxectivo:* simpático/a; *verbo:* simpatizar.  
Resposta aberta.
3. [testán - inxenuo] [cándido - bulideiro] [inquietao - astuto] [raposeiro - valente] [valoroso - asisado] [sensato - mesquiño] [ruín - obediente] [guiado - teimudo]
4. A paciencia é un tesouro porque do chumbo fai ouro; *significado:* con paciencia conséguense cousas moi difíciles. / Envexa non teñas do eido do teu veciño, fai como el fai e atoparás o camiño; *significado:* seguir o bo exemplo é mellor que deixarse levar pola envexa. / Home cargado de ferro, home cargado de medo; *significado:* as armas non dan confianza e tranquilidade, senón o contrario. / Nin herba no trigo, nin sospeita no amigo; *significado:* a amizade non se pode manter se hai desconfianza e sospeita. / Onde hai moito riso, hai pouco siso; *significado:* quen ri moito e sen razón adoita ser superficial e con pouco siso. / A moita paixón non agarda razón; *significado:* ninguén é razoable se se deixa levar pola paixón.
5. ● → n; ● → s; ● → l; ● → t; ● → d; ● → d; ● → x; ● → p; ● → v; ● → c; ● → b; ● → m. Respectuoso; *antónimo:* insolente. Valente; *antónimo:* covarde. Asisado; *antónimo:* toleirán. Mesquiño; *antónimo:* xeneroso. Animado; *antónimo:* apático. Triste; *antónimo:* ledo. Humilde; *antónimo:* vaidoso. Rebelde; *antónimo:* submiso.

6. **Codiciar** → cobizar. **Empecinarse** → teimar. **Disfrutar** → gozar. **Envidiar** → envexar. **Sonreír** → sorrir. **Sellezar** → saloucar.

Resposta aberta.

7. *Frase feita: A; significado: ser moi inquieto. Frase feita: B; significado: ser moi comedor. Frase feita: C; significado: ser voluble e inconstante. Frase feita: D; significado: ser demasiado falador, ou facelo sen tino. Frase feita: E; significado: ser antipático ou pouco sociable. Frase feita: F; significado: ser lento e preguiceiro. Frase feita: G; significado: ser avaro. Frase feita: H; significado: ser crédulo ou confiado de máis.*

Resposta aberta.

## Actividades



1. *Diferenza 1: no debuxo A o sinal de Pediatría indica á dereita, no B á esquerda. Diferenza 2: no debuxo A o home ten un flegmón no seu lado esquerdo da cara, no B teno no dereito. Diferenza 3: no debuxo A ese home está sentado nunha cadeira distinta ca no B. Diferenza 4: no debuxo A o pano da rapaza co brazo en estribeira ten lunares laranxas, no B tenos rosas e azuis. Diferenza 5: no debuxo A as rodas dianteiras da cadeira de rodas son pequenas, no B son grandes. Diferenza 6: no debuxo A o rapaz ten unha escaiola no pé dereito, no B ten unha vendaxe. Diferenza 7: no debuxo A na bandexa hai catro ampolas, no B hai só tres. Diferenza 8: no debuxo A a xiringa ten unha agulla curta, no B é máis longa. Diferenza 9: no debuxo A o enfermeiro ten lentes, no B non. Diferenza 10: no debuxo A a doutora leva o fonendoscopio de forma distinta ca no B.*
2. *Que desenvolve medios de defensa, naturais ou adquiridos, contra un axente infeccioso ou tóxico. → inmune. / Que non sufriu dano ou lesión a consecuencia dun suceso. → indemne. / Que non é capaz de durmir. → insomne. / Que non foi tocado, que non foi deteriorado. → intacto.*
3. *Lumbalxia: dor nas costas, no lombo. / Artrose: enfermidade nas articulacións. / Claustrofobia: medo aos lugares pechados. / Dermatite: inflamación na pel. / Odontoloxía: ciencia ou sección da medicina que se ocupa do coidado dos dentes. / Gastroscopia: técnica médica que permite a observación do estómago mediante unha microcámara. / Cardioplastia: cirurxía reparadora do corazón. / Hemorraxia: derramamento ou perda de sangue do corpo.*


Resposta aberta.

4. *Practicar unha operación cirúrxica a alguén: operar, intervir. Recuperarse progresivamente dunha doenza: repoñerse, restablecerse, mellorar. Ter de novo saúde, deixar de ter unha doenza: curar, sandar. Sentir unha sensación molesta de ardor ou comechón na pel que incita a rascarse: proer, comer, picar. Lanzar pola boca algo que estaba no estómago: golsar, trousar, vomitar. Deixar de vivir: perecer, falecer, morrer, finar.*

5. *Nome técnico: amigdalite; nome popular: anxinas. Nome técnico: constipado; nome popular: arrefriado. Nome técnico: ampola; nome popular: bocha. Nome técnico: hemorroides; nome popular: almorrás. Nome técnico: luxación; nome popular: escordadura. Nome técnico: influenza; nome popular: gripe. Nome técnico: prurito; nome popular: proído. Nome técnico: hematoma; nome popular: negrón. Nome técnico: afonía; nome popular: rouquén. Nome técnico: variola; nome popular: vexigas.*

Resposta aberta.

## 6. Encrucillado.



7. O doutor ~~recetoume~~ *receitoume* un medicamento para evitar que sinta ~~vértigo~~ *vertixe*. / Hai que levar a Xurxo ao médico: non para de ~~estornudar~~ *espirrar* e di que ten ~~escalofríos~~ *calafríos*. / O xogador ~~lastimouse~~ *mancouse* nun xeonllo e foi retirado do campo en ~~camilla~~ *padiola*. / O avó non quixo poñer a ~~vacuna~~ *vacina* contra a gripe e agora leva dous días ~~refriado~~ *arrefriado*. / Esa dieta que fas é unha loucura: ~~aiunar~~ *xaxuar* en días alternos ten que ser ~~perjudicial~~ *prexudicial*. / Xusto onde agora teño ese ~~grano~~ *gran* tan grande antes tiña un ~~arañazo~~ *unha rabuñadura*. / O neno ~~atragantouse~~ *atragoouse* cun anaco de algodón que collera de ~~botiquín~~ *da caixa de urxencias*.

8. *Alteracións do organismo que revelan que este padece unha enfermidade. → síntomas. / Enfermidade infecciosa respiratoria, de orixe vírica, caracterizada por febre, tose, malestar, inflamación das vías respiratorias... → gripe. / Indicación de certo tratamento ou medicamento como remedio contra unha doenza. → prescrición. / Afección leve das vías respiratorias a consecuencia da exposición á humidade e ao frío e caracterizada por tose, espirros, secrecións nasais... → arrefriado. / Desenvolvemento dun organismo que produce unha enfermidade infecciosa desde que comeza a xestarse ata que se manifesta. → incubación. / Relativas ao corazón. → cardíacas. / Aumento anormal da temperatura do corpo. → febre. / Saída súbita e ruidosa, pola boca, do aire dos pulmóns, producida pola irritación das mucosas das vías respiratorias. → tose. / Expulsións bruscas e ruidosas, pola boca e polo nariz, do aire dos pulmóns por causa da irritación das mucosas nasais. → espirros. / Relativas aos pulmóns. → pulmonares. / Tremores bruscos e sensación de frío que, ás veces, acompañan a febre nunha enfermidade. → calafríos. / Substancia que, introducida no corpo, fai que este produza anticorpos contra certas enfermidades causadas por virus ou bacterias e quede inmunizado. → vacina. / Enfermidade crónica caracterizada por unha diminución aguda da capacidade bronquial e que produce ataques de dificultade respiratoria, con tose, espasmos, sensación de afogo... → asma.*

*Texto de xornal:* Piden un especial coidado dos anciáns contra a gripe. Coincidindo co inicio das campañas de vacinación da gripe por parte das comunidades autónomas, o Ministerio de Sanidade e Consumo recomenda a vacina antigripal nos grupos de risco para previr a enfermidade e evitar complicacións máis graves. / Sanidade lembrou que, ao ser un proceso vírico, o tratamento con antibióticos non é eficaz e só se deben tomar baixo prescrición médica, para evitar a aparición de resistencias bacterianas. / Para a temporada 2004-2005, a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde fixo fincapé en que se deben mellorar as coberturas de vacinación nas persoas de 65 ou máis anos e coñecer e mellorar as coberturas de vacinación nos outros grupos de risco recomendados. Os grupos de risco aos que se lles recomenda a vacina son persoas de 65 ou máis anos de idade, nenos e adultos con enfermidades crónicas cardíacas ou pulmonares (incluíndo nenos con asma); nenos e adultos que precisasen seguimento médico

periódico ou hospitalización no ano precedente. / A gripe é unha enfermidade de curso agudo. O período de incubación é de 48 horas cunha variación entre un e sete días. Con todo, algúns dos síntomas da gripe acostuman durar entre dúas e tres semanas. Transmítese polas segregacións respiratorias a través da tose e os espirros. Os principais síntomas son: febre alta de ata 39 graos centígrados, calafríos, dor de cabeza, dores musculares, postración, espirros, tose intensa e persistente, rinorrea, lagrimexo e farinxite leve. Durante a temporada de gripe, cuxa máxima incidencia ocorre nos meses de outono e inverno, os síntomas doutras afeccións respiratorias poden ser confundidos coa gripe, como o arrefriado común.


## Actividades



1. *Parte:* lapela; *elemento:* chaqueta. *Parte:* elo; *elemento:* cadea. *Parte:* peto; *elemento:* pantalóns. *Parte:* sola; *elemento:* zapato. *Parte:* fibela; *elemento:* cinto. *Parte:* doa; *elemento:* colar. *Parte:* aba; *elemento:* sombreiro.


Resposta aberta.

2. Encrucillado.



A vestimenta

### 3. Sopa de letras.



4. *Adiviña 1*: a media. *Adiviña 2*: o sombreiro. *Adiviña 3*: os zapatos.

5.  $a \rightarrow \text{yellow}$ ;  $e \rightarrow \text{orange}$ ;  $i \rightarrow \text{pink}$ ;  $o \rightarrow \text{green}$ ;  $u \rightarrow \text{blue}$ . *Verbos*: abotoar, tupir, repasar, enxugar, destinguir, luxar, refucir, cinguir.

Non metas na lavadora esa camisa porque vai tupir e despois quedarache pequena. / Con cinguir algo o vestido á cintura, xa que che quedará perfecto. / Vou abotoar o gabán porque vén un vento frío do demo. / Non xogues con esa pelota enlamada porque vas luxar o pantalón novo. / Non pensaba que o xersei vermello fose destinguir. Agora xa é rosa. / Despois de refucir as mangas da camisa, púxose a preparar a masa da empanada. / Poñede a vosa roupa a enxugar, que está toda mollada. / Vou repasar eses calcetíns porque me saen as dedas polos furados.

6. Cinguido: *sinónimo*: axustado; *antónimo*: frouxo. Lixeiro: *sinónimo*: livián; *antónimo*: pesado. Chamativo: *sinónimo*: vistoso; *antónimo*: discreto. Suave: *sinónimo*: dondo; *antónimo*: áspero. Cómodo: *sinónimo*: confortable; *antónimo*: incómodo. Longo: *sinónimo*: cumprido; *antónimo*: curto. Espido: *sinónimo*: nu; *antónimo*: vestido. Moderno: *sinónimo*: actual; *antónimo*: anticuado.

Resposta aberta.

7. O que do alleo se viste, na rúa o ispen. *Significado*: quen se apropia de cousas doutros, adoita ser descuberto publicamente. *Situación*: se un escritor é descuberto e denunciado publicamente de plaxiar textos doutro. / Quen se viste con ruín pano, dúas veces viste ao ano. *Significado*: cando se compra ou usa algo de mala calidade, faise máis gasto porque se deteriora ou rompe antes. *Situación*: se alguén ten que comprar zapatos novos despois de pouco tempo de usados porque eran baratos pero malos. / Vestir a uso, calzar a gusto. *Significado*: a roupa pode seguir o ditado da moda, pero o calzado cómpre que sexa cómodo porque temos que camiñar. *Situación*: se alguén está indeciso entre uns zapatos bonitos pero incómodos e outros cómodos pero menos bonitos. / Viste un ladrón e parecerache un señor. *Significado*: as aparencias enganan. *Situación*: se nos equivocamos sobre a forma de ser de alguén pola súa forma de vestir.

8. *Salto do cabalo*: coiro, la, algodón, liño, veludo, seda.

Despois de poñerme aquel cosmético na cara, a pel quedoume como a seda. / A revolta popular foi pacífica, por iso se lle chamou a «revolución de veludo». / O dianteiro golpeou o coiro con todas as súas forzas e bateu o porteiro. / Naquelas fotos antigas vese como mazaban antes o liño. / Antigamente, nos Estados Unidos, moitos escravos negros traballaban nos campos de algodón. / As ovellas de Nova Zelandia producen unha la de gran calidade.

9. Frase feita: A; significado: non deber favores. Frase feita: B; significado: retar, desafiar. Frase feita: C; significado: verse nun grande apuro. Frase feita: D; significado: desconfiar. Frase feita: E; significado: criticar duramente.

Resposta aberta.


10. Ela viuño chorando e ofreceulle un ~~pañuelo~~ pano que levaba no ~~bolsillo~~ peto. / Vou ~~planchar~~ pasarlle o ferro á miña ~~minifalda~~ minisaia verde, que está chea de ~~arrugas~~ engurras. / Teño que ~~hilvanar~~ ganduxar as dobras dos pantalóns de ~~liño~~ liño, que me quedan grandes / Despois de lle quitar o ~~pañal~~ cueiro, o bebé quedou ~~desnudo~~ nu.

11. Substantivos: pezas de roupa: sotana, pantalóns, abrigo; partes das pezas de roupa: mendas, dobras, colo; obxectos e complementos: paraugas, bufanda, pano da man, boina (ou pucha); calzado: botas; tipos de tecidos: pana, coiro. Adxectivos: vella, raquítica, cotrosa, curta, raídas, goldrento, negro, grande, amarela, enorme.

## Actividades



1. Sopa de letras.



Resposta aberta.

2. Carne é bisavoa de Uxía. Iria é esposa de Paulo. Laura é irmá de Martiño. Miriam é neta de Valentín. Uxía é sobriña de Martiño. Paulo é cuñado de Mónica. Anxo é sogro de Paulo. Xosé é irmán de Marta. Amina é nai de Miriam. Filipe é concuñado de Paulo. Valentín é sogro de Iria. Xoán é curmán de Martiño. Uxía é bisneta de Pilar. Marta é tía de Mousa. Paulo é xenro de Carne. Laura é curmá de Xoán. Carne é consogra de Pilar. Iria é nora de Valentín. Martiño é fillo de Iria. Paulo é avó de Uxía.

3. *Medio irmáns* → irmáns só por parte de nai ou de pai (que anteriormente tiveron fillos con outra parella). *Irmáns de leite* → nenos que foron amamantados pola mesma muller, nai dun deles e ama do outro. *Irmáns xemelgos* → irmáns que naceron no mesmo parto. *Irmáns siameses* → irmáns que naceron unidos fisicamente. *Irmáns políticos* → cuñados.

Resposta aberta.

4. Fillo que herda todos os bens da familia. → *vinculeiro*. Dar de mamar a un bebé. → *aleitar*. Que naceu co individuo que o posúe, que non é adquirido posteriormente. → *conxénito*. Tratar de ti a alguén. → *atuar*. Relativo á vellez ou propio dela. → *senil*. Ter as facultades mentais debilitadas, xeralmente por transtornos propios da idade avanzada. → *chochear*.

5. ● → c; ● → n; ● → v; ● → d; ● → r; ● → p; ● → f; ● → m; ● → s; ● → l.


Invitar → *sinónimo*: convidar. Estimar → *sinónimo*: apreciar. Educar → *sinónimo*: formar. Compadecerse → *sinónimo*: condoerse. Adoptar → *sinónimo*: porfillar. Crecer → *sinónimo*: medrar. Reconciliarse → *sinónimo*: avirse. Avellentar → *sinónimo*: envellecer.

6. O amigo, escollido; o irmán, como é vido; *significado*: os amigos escóllense pero os irmáns veñen dados coas súas virtudes e os seus defectos. / Entre pais e irmáns non metas as mans; *significado*: en asuntos íntimos de familia convén non inmiscirse. / Mentres estou coa nai, non podoo estar coa filla; *significado*: non se pode atender ben a dúas cousas á vez.

## Actividades




1. Construción formada por unha serie de pasos ou chanzos que serve para subir ou baixar por ela. → *escaleira*. / Serie de escaleiras, máis ou menos monumental, normalmente con balaústres e construída na entrada ou no vestíbulo dun edificio. → *escalinata*. / Escaleira de man formada por dúas barras paralelas, ligadas por travesas que serven de chanzos. → *escada*. / Escaleira rústica que se fai nun cómaro ou nun valo con pedras salientes ou pequenos buracos. → *esqueira*.
2. Sopa de letras.



1: guindastre. 2: rede de protección. 3: elevador. 4: estada. 5: cinta. 6: puntal. 7: escada. 8: silo. 9: colector de cascallo. 10: area. 11: formigoneira. 12: maseira. 13: carreta. 14: cemento. 15: ladrillo. 16: barracón.

3. *O casal dos Monteiro: elementos exteriores: construcións adxacentes: alpendre, lavadoiro, cabazo, muralla; outros: leña, carro, ferramentas, fiestra; elementos interiores: elementos construtivos: pedra (de cantería), trabes, puntais, tellas; dependencias: corte, cociña, cuarto de baño, corredor, faiado; mobles: camas, mesa (de castiñeiro); outros: lareira, forno, colchas (de liño), relevo, fotos.*

4. Os obreiros que subiron ao andamio á estada están a montar os ~~canalóns~~ *canlóns* da casa. / Meu avó ten que descansar no ~~rechán~~ *relanzo* da escaleira porque os ~~pedaños~~ *chanzos* son moi altos. / Abre a ~~nevera~~ *nevera* e colle o xamón que hai na ~~fiambreira~~ *friameira*. / Deixaches aberto o ~~grifo~~ *a billa* do lavabo e o bote do ~~desodorante~~ *desodorizante* sen tapar. / Hai que lavar esas ~~tazas~~ *cuncas* a man porque o ~~lavavaxilas~~ *lavalouza* está avariado.
5. Aldraba → 4 / bisagra → 15 / porta → 1 / gradicela → 3 / beiril → 18 / timbre → 5 / vidro → 16 / fiestra → 13 / lintel → 10 / xamba → 11 / caixa do correo → 8 / tornachuvias → 19 / picaporte → 6 / contraventá → 14 / poxigo → 9 / pechadura → 7 / marco → 17 / limiar → 12 / montante → 2.
6. Encrucillado.



7. *Diferenza 1:* no debuxo A a escumadeira, o cazo e o cullerón teñen o mango azul, no B téñeno verde. *Diferenza 2:* no debuxo A hai un sacarrollas, no B hai un relador. *Diferenza 3:* no debuxo A a xerra de auga está case baleira, no B está case chea. *Diferenza 4:* no debuxo A hai dez pratos chans amoreados, no B son oito. *Diferenza 5:* no debuxo A hai unha cunca de café de cor laranxa, no B é azul celeste. *Diferenza 6:* no debuxo A hai un abrelatas pechado, no B está aberto. *Diferenza 7:* no debuxo A hai catro coitelos, no B hai cinco. *Diferenza 8:* no debuxo A o azucreiro ten culleriña, no B non a ten. *Diferenza 9:* no debuxo A hai tres vasos boca arriba, no B un deles está boca abaixo. *Diferenza 10:* no debuxo A os panos de man teñen lunares verdes, no B son castaños.
8. *Frase feita: A; significado:* perder unha boa oportunidade. *Frase feita: B; significado:* facer un grande esforzo inutilmente. *Frase feita: C; significado:* ser vulnerable por non ter boa reputación. *Frase feita: D; significado:* ser pobre, carecer de todo. *Frase feita: E; significado:* preparar en segredo unha trampa ou unha vinganza.


## Actividades



1. Porción de torta / toro de peixe / taco de queixo / roda de tomate / tallada de carne / chisco de sal / onza de chocolate / rebanda de pan.
2. *Prato 1:* patacas fritidas, xurelos asados, pementos. *Prato 2:* costeleta, tomate, puré de patacas. *Prato 3:* espaguetes, prebe de tomate, queixo relado. *Prato 4:* pescada cocida, patacas cocidas, ovo cocido. *Prato 5:* ensalada, arroz, ovo frito. *Prato 6:* mexillóns, linguado, chícharos. *Prato 7:* luras, tortilla de patacas, aros de cebola. *Prato 8:* zanco de polo, chourizo, cogomelos.

3. *Adiviña 1: a cebola. Adiviña 2: a castaña. Adiviña 3: o allo.*

4. Encrucillado.



5. As froitas son excelentes desde o punto de vista *alimenticio* (→ nutritivo). / Xoán toma o iogur demasiado *doce* (→ azucrado) para o meu gusto. / Non comas ese pan, que está *reseso* (→ duro). Toma este que é de hoxe. / Neves é un *larpeira* (→ comellona): xa leva catro racións de torta. / Hoxe a avoa preparou un guiso de carne ben *substancioso* (→ celmoso). / Non quero o leite moi quente. Prefíroo *morno* (→ tépedo). / Nunca tomei un café tan *rico* (→ saboroso) coma o que prepara túa irmá. / O mellor para recoñecer o sabor *acedo* (→ agre) é morder un limón. / A sopa saíume algo *insípida* (→ eslamiada). Cómpre botarlle un chisco de sal. / Gústame o flan porque é un prato *brando* (→ mol) e fresco.

6. Sopa de letras.



7. *Frase feita: A; significado: ser moi listo. Frase feita: B; significado: estar despistado. Frase feita: C; significado: sorprender a alguén facendo algo malo. Frase feita: D; significado: ser unha cuestión diferente. Frase feita: E; significado: ser moi poucos ou poucas, ser escaso. Frase feita: F; significado: ter as mesmas características, ideas, defectos... Frase feita: G; significado: maltratar verbalmente a alguén. Frase feita: H; significado: adular ou afagar a alguén con fins interesados.*

Resposta aberta.

8. Gústame moito as ~~testadas~~ *torradas* cun pouco de ~~mantequilla~~ *manteiga*. / Fixen a macedonia con anacos de ~~membreillo~~ *marmelo*, ~~fresa amorodo~~ e ~~manzana mazá~~. / O camareiro recomendounos ~~besugo ollomol~~ ao forno ou ~~lubina robaliza~~ á ~~parrilla grella~~. / Pecha ben o bote de queixo ~~raiado relado~~, se non ponse ~~meiose balorento~~ e hai que tiralo.
9. *Verbos*: quentar, engraxar, forrar, bater, engadir, incorporar, ligar, agregar, triturar, distribuír, enfornar, arrefriar, desmoldear, servir. *Substantivos*: *Lácteos*: manteiga, nata líquida; *Froitas*: noces; *Condimentos*: sal, esencia de vainilla, azucre; *Outros*: ovo, galletas, lévedo en po.

## Actividades




1. Muhammad Yunus, o economista de Bangladesh mundialmente coñecido como «o banqueiro dos pobres», fala en Compostela do seu método de loita contra a pobreza. / Antonio Feijoo, afiador: «Xa non quedan daqueles que andaban polos camiños, non hai traballo». Hai pouco futuro para estes traballadores e artesáns, condenados ao museo ante a cultura do «usar e tirar» que impón a globalización. / O pasado 28 de xullo inaugurouse na Galería Sargadelos a mostra Damián Garrido, ourive do século XX, que integra 22 pezas: unha auténtica revolución no deseño da prata. / Un piloto xaponés queda durmido aos mandos do avión. Viaxaban 184 pasaxeiros e a tripulación a bordo, pero non provocou alteracións. / Elena Salgado será a quinta muller que ocupa a carteira de Sanidade. Natural de Ourense, de 55 anos, é economista e enseñeira industrial. / A escritora brasileira Nélide Piñón, descendente de galegos, presentou na Galería Sargadelos de Compostela a súa última novela, *Vozes do deserto*. / A Federación de Peñas do Compostela remodelou a súa xunta directiva: presidenta, María Rosa Pais Gómez; secretaria, Margarita Fernández Seoane; e tesoureira, Carmen Fernández Seoane. / O cirurxián da Clínica Ruber Francisco Gómez Bravo propónse realizar en España, este mesmo ano, o primeiro transplante de rostro procedente dun doador falecido. / Miguel A. Fernández presenta *A Bela Otero. Pioneira do cine*. O gañador do Chano Piñeiro demostra que a diva de Valga foi a primeira actriz dos Lumières. / O Goberno convocou «con carácter urxente» a embaixadora de Cuba en España, Isabel Allende, despois de que se lle prohibise a entrada na illa ao deputado do PP Jorge Moragas.

*Profesión*: economista; *ámbito*: ciencia. *Profesión*: afiador; *ámbito*: oficios artesáns e tradicionais. *Profesión*: ourive; *ámbito*: oficios artesáns e tradicionais. *Profesión*: piloto; *ámbito*: transportes. *Profesión*: enxeñeira; *ámbito*: construción. *Profesión*: escritora; *ámbito*: arte e cultura. *Profesión*: tesoureira; *ámbito*: empresa e negocios. *Profesión*: cirurxián; *ámbito*: sanidade. *Profesión*: actriz; *ámbito*: arte e cultura. *Profesión*: embaixadora; *ámbito*: administración.

2. *Xeroglífico A*: albanel (al –la ao revés– b anel). *Xeroglífico B*: xeólogo (xe o logo). *Xeroglífico C*: camareira (cama rei ra). *Xeroglífico D*: mecánico (M e can i C o). *Xeroglífico E*: avogado (a voga dó). *Xeroglífico F*: tecelá (te ce la). *Xeroglífico G*: notario (nota río). *Xeroglífico H*: concelleira (con C elle ira). *Xeroglífico I*: ilustradora (i lustra dó ra). *Xeroglífico L*: mestre (mes t re).
3. Canto che pagan de xornal por ir vendimar hoxe as súas leiras? – Eu, co meu soldo, chego malamente a fin de mes. / O gremio dos comerciantes está a favor das rúas peonís. – O sindicato convocou unha folga dos traballadores para o vindeiro día dez. / No verán aproveito o lecer para ler e para dar paseos polo monte. – Fixen un descanso e despois continúei traballando. / Esa reixa de ferro fíxonola o mellor ferreiro da bisbarra. – Levei o cabalo ao ferrador para que lle cambiase as ferraduras.


#### 4. Sopa de letras.



5. *Mecánico/a*: aparafusar. *Sepultureiro/a*: soterrar. *Mariñeiro/a*: ancorar. *Xuíz/a*: sentenciar. *Arquitecto/a*: deseñar. *Cirurgián/lá*: suturar. *Zapateiro/a*: solar. *Labregola*: rozar. *Panadeiro/a*: amasar. *Gandeiro/a*: muxir. *Profesor/ora*: avaliar. *Xastre/a*: zurzir.
6. *Busca de emprego*: entrevistar, estudar, opositar. *Contratos*: asinar, contratar, rescindir. *Salarios*: cobrar, aumentar. *Horarios*: fichar, descansar, entrar. *Actividade sindical*: afiliarse, asegurar, reivindicar, negociar.
7. *Barbeiro novo, para a barba do meu sogro.* / Na casa do *ferreiro coitelo de pau.* / *Costureira sen dedal cose pouco e mal.* / Ao *médico* e ao *avogado non o traías enganado.* / *Mariñeiro* que dorme, *peixes non colle.* / *Avogado novo, xustiza polas silveiras.* / *Quen foi cociñeiro* antes que frade *o que pasa na cociña ben o sabe.* / O bo *taberneiro bautiza o viño primeiro.*
8. *Barqueiro*: persoa que goberna unha barca e vive de transportar nela pasaxeiros e carga. / *Xeira*: xornada de traballo, tempo durante o que se fai un traballo sen interrupción. / *Cotizar*: pagar a cota correspondente como membro dunha asociación, organismo, sindicato... / *Delegar*: autorizar unha persoa a outra para que actúe en representación súa nalgún asunto. / *Obradoiro*: lugar onde realizan o seu traballo os artesáns. / *Ebanista*: persoa que ten por oficio facer mobles, traballando xeralmente con madeiras nobles.
9. *Que se pode traballar.* → laborable / *Relativo ao traballo.* → laboral / *Que custa moito esforzo ou traballo.* → laborioso.  
Resposta aberta.
10. *Albañil* → albanel. *Inxeniera* → enxeñeira. *Sastre* → xastre. *Peluqueira* → peiteadora. *Concellal* → concelleiro/a. *Vocal* → vogal. *Gardaespaldas* → escolta. *Orfebre* → ourive.  
Resposta aberta.
11. Para o mal traballador, non hai ferramenta boa; *significado*: o mal traballador non fai nada ben nin con as mellores ferramentas. / *Quen deixa o camiño e colle o atallo, máis traballo; significado*: ás veces, facer as cousas ás presas e precipitadamente acaba dando máis traballo que se se fixesen de xeito normal. / *Facer o xa feito, traballo sen proveito; significado*: é unha perda de tempo inútil volver sobre as cousas que xa están ben feitas.



- Na miña viaxe en tren a Madrid coñecín uns rapaces de Ourense. / Compramos un mapa para preparar o itinerario da excursión. / Da miña casa á praia hai un traxecto duns dous quilómetros. / Naquel treito fomos máis amodo para contemplar mellor a paisaxe.
- Altofalante → 2; viaxeiro → 7; xefa de estación → 10; despacho de billetes → 4; carro portaequipaxes → 9; consigna → 6; plataforma → 20; vagón → 16; vía → 11; revisor → 18; horario → 3; tren → 14; equipaxe → 8; paso subterráneo → 19; travesa → 13; locomotora → 15; portelo → 5; raíl → 12; maquinista → 17; aparcadoiro → 1.
- tándem - carro - velocípede - triciclo. *Elemento extraño*: carro; *xustificación*: todos son vehículos de tracción humana, agás carro que é de tracción animal. / sobrevoar - aterrar - vogar - planar. *Elemento extraño*: vogar; *xustificación*: todas son accións dos avións, agás vogar que é sinónimo de *remar*. / maskarón - cabo - estacha - amarra. *Elemento extraño*: maskarón; *xustificación*: todas son tipos de cordas dun barco, agás maskarón que é unha escultura que vai na proa dalgúns navíos.
- Lugar onde se constrúen ou reparan barcos. → estaleiro / Parte dianteira dun barco. → proa / Parte traseira dun barco. → popa / Pavimento superior dun barco. → cuberta / Parte máis alta da cuberta superior dun barco. → castelo. / Parte do costado dun barco por onde comeza a estreitarse na proa. → amura / Matrícula dunha embarcación. → folio / Poste de ferro situado no chan do peirao para amarrar os cabos máis fortes das embarcacións. → morrón / Poste de madeira ou ferro situado na proa das embarcacións ao que se amarran os cabos. → bita / Peza forte de madeira ou metal que vai da proa á popa na parte inferior dunha embarcación e suxeita a súa estrutura. → quilla / Barco que se dedica á pesca de arrastre. → arrastreiro / Cantidade de cousas que poden ser transportadas por un barco. → carga / Oficial ou mariñeiro con experiencia que dirixe os traballos e tarefas dos outros mariñeiros. → contramestre / Cabo grosa que se utiliza, por exemplo, para remolcar ou amarrar un barco. → estacha.
- Embrague, bucina, volante, capó, amortecedor, pneumático, freos, faro.
- Encrucillado.



7. Segundo o mecánico, hai que cambiar os ~~amortiguadores~~ *amortecedores* e a ~~palanca~~ *panca* de cambios. / Un coche ~~velcou~~ *envorcou* na ~~autopista~~ *autoestrada* por exceso de velocidade. / Entrar no ~~muelle~~ *peirao* con este mar é perigoso, mellor botamos a ~~anela~~ *áncora* nese fondeadoiro. / Subindo na ~~telesilla~~ *telecadeira* viamos os nenos baixando pola neve ~~cos seus trineos~~ *coas súas zorras*. / Parei o coche ~~no arcén~~ *na beiravía* da ~~carreteira~~ *estrada* porque tiña un problema cos ~~frenos~~ *frens*.

## Actividades



- 1: randeeira. 2: bambán. 3: tobogán. 4: papaventos. 5: monopatín. 6: buxaina. 7: billarda. 8: mariola. 9: bólas. 10: xadrez. 11: leira de nove. 12: boneca. 13: parchís.
- Parchís*: gobelete, dado, ficha, casa. / *Xadrez*: peón, torre, raíña, xaque. / *Baralla*: ás, baza, sota, ouros.
- Proxecto de accións coordinadas para lograr un obxectivo, como gañar nun xogo, nun encontro deportivo... → *estratexia*. / Momento ou ocasión que lle corresponde a cada un entre distintas persoas, para a realización de algo. → *vez* (ou *quenda*) / Aquel que se opón ou compite nun xogo ou deporte. → *opoñente* / Conxunto de regras que establecen como debe desenvolverse un xogo. → *regulamento* / Serie e totalidade de lances que se realizan nun xogo ata chegar a un límite definido. → *partida* / Cadro de madeira ou doutros materiais con divisións ou casas para desenvolver nel diferentes xogos de mesa. → *taboleiro* / Cada unha das figuras ou dos elementos móbiles que interveñen nos xogos de taboleiro. → *peza* / Obter a vitoria. → *gañar*.  
Resposta aberta.
- Halterofilia, loita, wáter-polo, voleibol, ciclismo. / Balonmán, vela, natación sincronizada, ximnasia rítmica, karate. / Remo, judo, equitación, piragüismo, béisbol. / Hóckey sobre herba, ximnasia deportiva, piragüismo en augas bravas, tiro con arco, triatlón.
- As ~~canastas triples~~ *canastas triplas* son válidas aínda que o balón pete no ~~tableiro~~ *taboleiro*. / Despois de ~~regatear~~ *canear* varios defensas, Xoán ~~chutou~~ *xutou* e a pelota deu no ~~travesaño~~ *traveseiro*. / Os ~~aficionados~~ *afeccionados* bañáronse na fonte para celebrar que o seu equipo era ~~campeón~~ *campión*. / A rapaza que vai pola ~~calle~~ *estaxe* central da piscina nada estilo ~~espalda~~ *costas*. / A ~~xabalina~~ *xavelina* case lle cae enriba a un corredor de catrocentos metros ~~vallas~~ *valados*.

6. O Deportivo non levanta cabeza esta tempada (→ *período de tempo en que, de forma regular e cíclica, se desenvolve unha competición deportiva*). Onte, os coruñeses cederon un empate (→ *resultado que se obtén nun encontro cando aqueles que se enfrontan conseguen o mesmo número de puntos*) no estadio de Riazor ante o cabeiro (→ *que vai de último ou peor clasificado*) de Primeira División, o Numancia. / O Deportivo saltou ao campo con ganas de se poñer o antes posible por diante no marcador (→ *cadro onde se anotan os puntos ou tantos acumulados nun encontro deportivo*), mais ao final a crise do equipo profundouse. Ás imprecisións defensivas dos coruñeses uniuse entón a carencia de ideas arriba. Cun Valerón apagado e un Luque que apenas entrou en xogo, era Diego Tristán o que parecía ter unha tarde máis inspirada e o único capaz de poñer en apuros a liña de cinco defensas posta sobre o campo polos visitantes. / Irureta tratou de cambiar o discorrer do choque con dous cambios nada máis comezar a segunda metade: Fran por Munitis e Víctor por Tristán. Desta forma, o adestrador (→ *persoa que prepara técnica e taticamente os deportistas con exercicios adecuados*) deportivista cambiou as dúas bandas e colocou a Luque como home máis ofensivo. / E despois da reestruturación, no minuto 60, chegou a polémica. Luque gañoulle as costas á defensa numantina e, tras canear (→ *esquivar a oposición dun xogador contrario e seguir adiante co balón*) a Álvaro Núñez, este non puido facer outra cousa que derrubalo. Fernández Borbalán decidiu pitar penalti (→ *pena máxima consistente nun lanzamento a pouca distancia da portaría e co porteiro como único defensor*) pero, ante a insistencia dos xogadores visitantes, o árbitro (→ *persoa que, en determinados deportes, fai que se cumpra o regulamento do xogo*) consultou co seu asistente, decretando falta na beira da área (→ *zona próxima á portaría onde o porteiro pode coller libremente o balón coa man*) en lugar da pena máxima. / Nove minutos despois todo se puxo máis costa arriba para os galegos coa expulsión (→ *feito de obrigar a un xogador a abandonar un encontro ou competición*) por dobre amarelo de César. A situación puido ser aínda máis dramática co disparo de falta de Tevenet, que foi ao pau (→ *cada unha das longas pezas de ferro ou madeira que limitan as portarías de fútbol*). / Os coruñeses notaron o golpe de se ver con dez e, cando parecía que volvían quedar unha xornada máis sen conseguir os tres puntos, chegou o gol (→ *punto que, nalgúns deportes, se gaña introducindo o balón na portaría*) de Pandiani, que entrara pouco antes no terreo de xogo en substitución de Valerón, ao cabecear (→ *xogar o balón golpeándoo coa cabeza*) un centro (→ *pase que se fai desde unha banda do terreo de xogo á zona de portaría*) de Víctor. Mais a alegría durou pouco e, no minuto 81, Merino recolleu un balón despexado defectuosamente por Molina para facer o 1-1 cun disparo desde a frontal. / O partido entrou entón nunha fase tola e Pandiani puido conseguir a vitoria (→ *resultado que se obtén cando se vence ao contrincante nunha competición deportiva*) cun novo remate de cabeza no minuto 90. Pero nesta ocasión o defensa Antonio salvou o seu equipo cun rexeitamento providencial case sobre a liña de gol.
7. *Atletismo*: avituallar, lanzar, saltar. *Baloncesto*: bloquear, lanzar, botar, encestar, canear, saltar, contraatacar, pasar. *Ciclismo*: frear, avituallar, pedalear. *Fútbol*: xutar, cabecear, lanzar, botar, golear, canear, saltar, centrar, contraatacar, pasar. *Tenis*: restar, lanzar, botar, saltar, volear, servir. Resposta aberta.
8. *Xogo*: actividade realizada co fin de entreterse ou divertirse seguindo unhas regras determinadas. – *Xoga*: parte pola que se unen dous ósos. / *Xoguete*: obxecto que serve para xogar. – *Xogueta*: hábito de xogar, en particular arriscando o diñeiro.